



PREGO DE CONDICIÓN S QUE REXERÁ O ALLEAMENTO MEDIANTE POXA PÚBLICA DE BUQUE AUXILIAR DE ACUICULTURA DE NOME “MEKONG” VARADO NA MARINA SECA DO PORTO DE RIANXO (A CORUÑA).

I.- BEN OBXECTO DA POXA.

1.- DESCRICIÓN DO BEN.

1.- No porto de Rianxo, na mariña seca, se atopa depositado un buque auxiliar de acuicultura de casco de aceiro e 47,38GT de nome MEKONG.

O buque previa tramitación do procedemento previsto na lexislación sectorial de aplicación, foi declarado en situación de abandono por resolución firme da Presidencia do Consello de Administración da entidade pública Portos de Galicia do 19 de novembro de 2018.

O buque que foi construído pola mercantil SERVIMAR INNOVA, SL. no ano 2014, se atopa en fase de construción sen rematar, e carece de bandeira, porto de rexistro e matrícula de rexistro ao atoparse en fase de construción.

O obxecto deste prego é regular as condicións de venda en poxa pública.

En aplicación do artigo 484 da Lei 14/2014, de 24 de xullo, de navegación marítima, como consecuencia da venda forzosa todas as hipotecas e gravames inscritos, así como todos os privilexios e outras cargas de calquera xénero que puideran recaer sobre o buque quedarán sen efecto, e no seu caso deberá ordenarse a súa cancelación.

A descrición técnica mais pormenorizada e a valoración do buque se recollen en informe de valoración ao que as persoas interesadas poderán acceder a través da páxina WEB de Portos de Galicia “www.portosdegalicia.gal” dentro do apartado de “COMUNICACIÓN S E AVISOS”, sub apartado de “VENDA DE EMBARCACIÓN S”, ou nas dependencias do Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica (tfno. 981 54 53 29) sitas nas oficinas dos servizos Centrais de Portos de Galicia na Praza de Europa portal 5-A, piso 6º, de Santiago de Compostela, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

2.- O informe de valoración da taxadora contratada por Portos de Galicia considera que o buque pode ter valor como tal para aquelas persoas interesadas en continuar coa súa construción aproveitando a parte construída, descontando a súa depreciación así como os custos de adaptación a outros usos eventuais.

3.- Os informes se subministran con carácter orientativo e non vinculante con respecto ao estado físico real do buque.

A intervención na poxa significa que o licitador coñece e acepta a situación actual existente e renuncia por elo a calquera reclamación que, no caso de resultar adxudicatario, puidera formular derivada da documentación existente.

2.- VISITA AO BUQUE



O buque obxecto da poxa se atopa depositado na mariña seca do porto de Rianxo (A Coruña) e poderá ser inspeccionado dende fora na mesma explanada, a pe do peirao.

Será factible acceder ao seu interior coas debidas cautelas e acompañado por persoal de Portos de Galicia, contactando previamente coas oficinas do porto no número de teléfono 669 88 75 92.

3.- RÉXIME XURÍDICO.

1.- As normas aplicables á presente poxa serán as previstas en:

- O presente prego.
- A Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia.
- O Real Decreto Lexislativo 2/2011 do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante.
- A Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- A Lei 14/2014, de 24 de xullo, de navegación marítima.
- Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que aproba o Regulamento de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

2.- A participación implica a aceptación das bases do presente prego cos seus anexos e a declaración responsable de que o licitador reúne todas e cada unha das condicións esixidas no mesmo.

Contra os acordos e actos administrativos que se diten en relación aos actos preparatorios do procedemento, cabe a interposición de recurso de alzada ante a Presidencia de Portos de Galicia; contra os acordos e actos administrativos de adxudicación do ben que emite a Presidencia de Portos de Galicia cabe a interposición de recurso potestativo de reposición en vía administrativa, ou de recurso contencioso administrativo.

3.- O presente prego ten carácter contractual.

II.- LICITACIÓN.

4.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

1.- O procedemento para allear o ben que se describe realizarase mediante poxa pública á alza de conformidade cos artigos 76 e 79 da Lei 5/2011, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa presentación de posturas en sobre pechado.

A adxudicación efectuarase a favor de quen presente a oferta económica mais vantaxosa. No caso de que a adxudicación resultara falida por non poder formalizarse a entrega por causa imputable ao adxudicatario, poderá realizarse o alleamento a favor do licitador que houbera presentado a seguinte oferta mais vantaxosa.

2.- **O PRESENTE PROCEDEMENTO SE DESENVOLVE A TRAVÉS DE TRES POXAS SUCESIVAS.** Para estes efectos, e no caso de que non resulte adxudicado o ben nunha primeira poxa segundo o prezo base que se recolle na condición 5ª, a Mesa da Poxa, de conformidade co previsto no artigo 71 do Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que aproba o regulamento de patrimonio da



Comunidade Autónoma de Galicia, realizará unha segunda poxa co prezo base de licitación que se sinala na condición 5ª, e se tampouco o houbera nesta, a Mesa celebrará unha terceira e derradeira poxa co prezo base que se sinala na condición 5ª.

3.- OS LICITADORES PODERÁN PRESENTAR PROPOSICIÓNS PARA PARTICIPAR NAS POXAS QUE ESTIMEN OPORTUNAS, do que deixarán constancia na solicitude de participación na poxa que se deberá de incluír no sobre 1 de DOCUMENTACIÓN XERAL conforme ao modelo que se xunta no anexo 1 a este prego, no modelo de proposición económica que se xunta como anexo 5, así como na lenda que deberá de constar no exterior dos sobres número 2 correspondentes ás PROPOSICIÓNS ECONÓMICAS. Cada licitador só poderá presentar unha oferta para cada unha das poxas.

4.- De resultar desertas as tres licitacións, ou de resultar esta falida como consecuencia do incumprimento das súas obrigas por parte do adxudicatario, a Mesa poderá acordar de conformidade co artigo 77 da Lei 5/2011, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia o inicio de trámite de alleamento por adxudicación directa da maneira exposta na condición 13ª.

5.- PREZO BASE DAS LICITACIÓNS.

1.-O prezo base das licitacións é o seguinte:

1.- Prezo base de licitación da primeira poxa: **CINCUENTA MIL (50.000) EUROS.**

2.- Prezo base de licitación da segunda poxa: **CORENTA E DOUS MIL CINCO CENTOS (42500) EUROS.**

3.- Prezo base de licitación da terceira poxa: **TRINTA E SEIS MIL CENTO VINTE E CINCO (36.125) EUROS.**

No prezo da licitación non se inclúen os gastos e obrigas a cargo do adxudicatario que se recollen na condición 14ª.

2.- De acordo co artigo 128 da lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, o produto do alleamento aplicarase ás atencións propias da entidade pública.

6.- PUBLICIDADE.

A poxa anunciarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina WEB de Portos de Galicia “www.portosdegalicia.gal” dentro do apartado de “COMUNICACIÓNS E AVISOS”, sub apartado de “VENDA DE EMBARCACIÓNS”.

7.- GARANTÍAS.

1.- O licitador está obrigado a constituír e presentar unha garantía ante Portos de Galicia cun importe que ascenderá ao 20 por cento da cantidade sinalada como prezo base da licitación e por tanto a **DEZ MIL (10.000) EUROS.** Esta garantía responderá do mantemento da postura ata a adxudicación definitiva do ben e o cumprimento dos requisitos que se recollen na condición 15ª.



2.- A GARANTÍA SERÁ ÚNICA CON INDEPENDENCIA DO NÚMERO DE POXAS Á QUE SE CONCORRA.

3.- A garantía se consignará a disposición do Presidente de Portos de Galicia e poderá constituírse por algún dos seguintes medios:

En metálico, mediante ingreso na conta da entidade pública Portos de Galicia número 2080-0394-17-3040004217, do importe da garantía previsto no apartado 7.1, facendo constar no concepto o seguinte: “**GARANTÍA PARA A POXA DO BUQUE MEKONG**”. A xustificación da operación bancaria deberá de aportarse xunto coa restante documentación integrante do sobre número 1 – DOCUMENTACIÓN XERAL.

A GARANTÍA CONSTITUÍDA EN METÁLICO POLO ADXUDICATARIO APLICARASE AO PREZO DO ALLEAMENTO.

Tamén poderá constituírse mediante aval expedido por entidade financeira e inscrito no rexistro Especial de Avais ou contrato de seguro de caución, axustándose aos modelos que se xuntan ao presente prego (anexos 3 e 4).

As garantías que se constituían mediante aval ou contrato de seguro depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia – Servizos Centrais de Santiago de Compostela ou delegacións da Axencia Tributaria de Galicia -, e farán constar no concepto “**GARANTÍA PARA A POXA DO BUQUE MEKONG**”. O resguardo do depósito deberá de aportarse xunto co resto da documentación integrante do sobre número A – Documentación Xeral - o xustificante da operación bancaria.

No caso de que a garantía se constituía mediante aval, este deberá presentarse con renuncia ao beneficio de excusión ao que se refire o artigo 1830 do Código Civil e o seu importe ser realizado a primeiro requirimento.

Si se formaliza mediante seguro de caución, se constituirá con renuncia do asegurador a opoñer ao asegurado as excepcións que puideran corresponderlle contra o tomador.

8.- CAPACIDADE PARA CONCORRER.

1.- Poderán tomar parte na poxa todas as persoas físicas e xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que se atopen en plena posesión das súas capacidades xurídicas e de obrar, de acordo coas normas contidas no Código Civil sobre capacidade xeral para toda clase de contratos e en particular para celebrar o contrato de compravenda.

2.- Non poderán participar as persoas que solicitaran ou estean declaradas en concurso, foran declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou foran inhabilitadas conforme á lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, así como os que incorresen nos supostos previstos na normativa sobre incompatibilidades.

Tampouco poderán concorrer as persoas que se atopen incluídas nalgún dos supostos de prohibición para contratar previstos na Lei de Contratos do Sector Público, o que tamén se recollerá a través da declaración responsable que se menciona no seguinte parágrafo.



3.- Os participantes deberán achegar para os efectos previstos nesta condición xunto coa Documentación Xeral, unha declaración responsable axustada ao modelo que se recolle no anexo 2.

4.- Si se descubriera falsidade nesta declaración, se estará ao disposto na lexislación penal aplicable; si a falsidade houbera sido cometida polo adxudicatario, se acordará asemade a nulidade da adxudicación coa incautación da garantía depositada a favor de Portos de Galicia.

9.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

1.- Para participar na poxa, o licitador deberá presentar no rexistro xeral de Portos de Galicia (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) con enderezo na Praza de Europa 5A, 6º, 15707 de Santiago de Compostela, dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación, **UN SOBRE PECHADO**, que conterá outro sobre pechado numerado co número 1 e outro ou outros sobres pechados numerados co número 2.

No exterior do primeiro sobre pechado farase constar a seguinte lenda: **“PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA POXA DO BUQUE MEKONG. NOME E APELIDOS OU DENOMINACIÓN SOCIAL DE QUEN ASINE A PROPOSICIÓN.”**.

No exterior do sobre 1 farase constar a seguinte lenda: **“SOBRE 1 – DOCUMENTACIÓN XERAL. NOME E APELIDOS OU DENOMINACIÓN SOCIAL DE QUEN ASINE A PROPOSICIÓN”**.

No exterior do sobre 2 farase constar a seguinte lenda: **“SOBRE 2 – PROPOSICIÓN ECONÓMICA. NOME E APELIDOS OU DENOMINACIÓN SOCIAL DE QUEN ASINE A PROPOSICIÓN, E MENCIÓN EXPRESA AO NÚMERO DE POXA, PRIMEIRA, SEGUNDA OU TERCEIRA, COA QUE SE CORRESPONDA A PROPOSICIÓN”**.

2.- Para os efectos do que se indica no anterior apartado 1 **PARA CADA UNHA DAS POXAS PARA A QUE SE PRESENTE OFERTA SERÁ PRECISO APORTAR UNHA PROPOSICIÓN ECONÓMICA –SOBRE 2- INDEPENDENTE E EN SOBRE PECHADO.**

3.- **CON INDEPENDENCIA DO NÚMERO DE POXAS ÁS QUE SE CONCORRA, O SOBRE 1 DOCUMENTACIÓN XERAL, SERÁ ÚNICO E COMÚN PARA TODAS ELAS.**

4.- Os licitadores tamén poderán enviar a documentación por correo administrativo (será requisito imprescindible que se trate dunha oficina prestadora do servizo postal universal), dentro do prazo de admisión indicado; neste caso, o licitador xustificará a data de imposición do envío na oficina de correos, e anunciará ao Departamento de Secretaría xeral e asesoría Xurídica de Portos de Galicia o depósito da oferta mediante burofax (número de FAX 981 54 53 24) ou telegrama, no mesmo día e nun só envío.

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non serán admitidas as proposicións si son recibidas con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos non obstante os dez días naturais seguintes á data indicada, sen terse recibido a proposición, está non será admitida en ningún caso.

10.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.





SOBRE 1 . DOCUMENTACIÓN XERAL.

1. O primeiro documento que debe de figurar neste sobre é a **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA POXA, QUE SE CUMPRIMENTARÁ CONFORME AO MODELO QUE SE XUNTA COMO ANEXO 1** a este prego.

Ademais desta solicitude se presentará a seguinte documentación:

2.- Os empresarios deberán de acreditar a súa personalidade. Si se trata de persoa física aportará copia do Documento Nacional de Identidade. Si se tratara de sociedades deberá aportarse copia autorizada ou testemuña da escritura de constitución e de modificación, no seu caso, debidamente inscrita no rexistro mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Si non o fora, a acreditación realizarase mediante copia da escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso no correspondente rexistro oficial.

Os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo, acreditará a súa personalidade mediante a inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo, en funcións dos diferentes contratos.

Os restantes empresarios non españois acreditarán a súa personalidade mediante certificación expedida pola respectiva representación diplomática española, na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito de actividades á que se estende o obxecto do contrato.

Os empresarios estranxeiros formularán na súa proposición, declaración solemne de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran derivarse do contrato (anexo 6).

3.- Cando o licitador non actúe en nome propio, ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá de presentar copia compulsada ou autenticada do poder da persoa física ou xurídica a conta da que se actúa debidamente bastantado, inscrito no rexistro correspondente si se trata dunha sociedade, e copia autenticada do DNI do apoderado.

4.- Certificados acreditativos de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Os certificados poderán substituírse por unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, **PARA O QUE PODERÁ SEGUIRSE O MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE QUE SE XUNTA COMO ANEXO 2 A ESTE PREGO**, sen prexuízo da obriga de aportarse esta documentación con carácter previo a formalizarse a resolución de entrega.

Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias que incapacitan para contratar que se enumeran no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **PARA O QUE PODERÁ SEGUIRSE O MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE QUE SE XUNTA COMO ANEXO 2 A ESTE PREGO**.

5.- Documentación acreditativa, xustificante de operación bancaria ou resgardo de depósito, de ter constituído a garantía á que se refire a condición 7.

SOBRE 2. PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

Conterá a proposición expresada conforme ao modelo que figura como anexo numero 5.

11.- MESA DA POXA.

Presidente da Mesa: O Director de Portos de Galicia (en caso de ausencia actuará como suplente o xefe do Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica).

Vogal número 1: O Xefe do Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica (en caso de ausencia actuará como suplente o Xefa da División Xurídica).

Vogal número 2: O Xefe do Departamento de Contabilidade e Tesourería (en caso de ausencia actuará como suplente a xefa do departamento de Xestión e Control Orzamentario)

Vogal número 3: A Xefa da Área de Explotación e Planificación (en caso de ausencia actuará como suplente o xefe do departamento de Planificación Portuaria).

Secretario: O Xefe de División da Asesoría Xurídica (en caso de ausencia actuará como suplente un Administrativo do Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica).

12.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

1.- SOBRE 1. DOCUMENTACIÓN XERAL- Transcorridos 10 días naturais dende a finalización do prazo de presentación de proposicións sinalado no anuncio de licitación, e previamente ao acto público de apertura de proposicións económicas, a Mesa procederá en acto previo e privado a examinar e cualificar formalmente a documentación contida no sobre 1 presentado polos licitadores en tempo e forma.

Si a Mesa observara defectos subsanables na documentación presentada, concederá un prazo non superior a tres días naturais para que o licitador subsane os defectos. Si a documentación contivera defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, se rexeitará a proposición. En particular se rexeitarán as proposicións que non aporten a garantía nos termos que se recollen na condición 7ª.

2.- SOBRE 2. PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

1. Resolto o trámite de admisión previa, e en día e hora que anunciarase na páxina WEB de Portos de Galicia “www.portosdegalicia.gal” dentro do apartado de “COMUNICACIÓNS E AVISOS”, sub apartado de “VENDA DE EMBARCACIÓNS”, a Mesa procedera á apertura das proposicións económicas das ofertas admitidas.

O procedemento de celebración da poxa será de “ a prego pechado” e á “alza”, adxudicándose o ben ao mellor postor.



O acto se iniciará coa lectura da relación do ben a poxar, informando a continuación do resultado da apertura do Sobre 1, coa cita das proposicións admitidas e das rexeitadas e a causa do rexeitamento destas últimas.

A continuación se abrirá o sobre número 2 das proposicións admitidas correspondentes á primeira poxa, léndose polo secretario en voz alta a oferta económica de cada unha, e clasificándoas de maior a menor en función da súa contía.

Excluíranse as proposicións que non se axusten ao establecido no presente prego. En especial, si algunha proposición non gardara concordancia coa documentación examinada e admitida, variara substancialmente o modelo facilitado mediante anexo, ou comportara erro manifesto no importe da proposición, en particular se non se formula á alza con respecto ao tipo base de licitación, será rexeitada pola Mesa da Poxa. Pola contra, o cambio ou omisión de palabras do modelo, sempre que non alteren o seu sentido, non será causa bastante para o rexeitamento da proposición.

2. Conforme ao estipulado na condición 4ª, se non houbera ofertas na primeira convocatoria de poxa, se dará inicio sen solución de continuidade e dando conta desta circunstancia, á segunda convocatoria de poxa coa apertura das proposicións presentadas, e se tampouco houbera ofertas na segunda convocatoria, se dará inicio sen solución de continuidade e dando conta desta circunstancia á terceira convocatoria de poxa coa apertura das proposicións presentadas.

O procedemento a seguir no caso de que se celebre segunda ou terceira poxa será o previsto para a primeira poxa nos parágrafos precedentes.

3. En calquera das poxas, si existira un empate entre as mellores ofertas, a adxudicación recaerá no que primeiro presentou a oferta ante Portos de Galicia, e no caso de igualdade neste suposto celebrarase un sorteo.

No caso de discrepancia entre os importes expresados en letra e en número, se estará sempre ao consignado en letra.

De todas as actuacións efectuadas levantarase acta que será asinada polos compoñentes da Mesa.

13.- ADXUDICACIÓN.

1. Dentro do prazo de 3 días hábiles contados dende o seguinte ao da apertura de proposicións, a Mesa a través do seu Presidente e Secretario elevará a proposta de adxudicación á Presidencia de Portos de Galicia, que resolverá sobre a mesma podendo adoptar algunha das resolucións seguintes:

1.1 Declarala deserta de maneira motivada.

1.2 Adxudicar o buque ao mellor postor.

2. No caso de que o adxudicatario provisional renuncie, así como no caso de non poder formalizarse a entrega do buque polo incumprimento das obrigas que lle correspondan, poderá acordarse unha nova adxudicación seguindo a orde de prelación de postores.



3. A resolución de adxudicación será notificada a todos os participantes na licitación e se publicará na páxina WEB de Portos de Galicia “www.portosdegalicia.gal” dentro do apartado de “COMUNICACIÓNS E AVISOS”, sub apartado de “VENDA DE EMBARCACIÓNS”.

4. A resolución de adxudicación disporá que sexan devoltas as garantías constituídas polos participantes na licitación, agás a correspondente ao adxudicatario que será devolta nos termos que se recollen na condición 15ª.

5. A adxudicación non exime ao adxudicatario da obtención e mantemento das demais autorizacións, certificacións ou permisos legalmente esixibles, nin do pago de impostos e taxas que lle sexan de aplicación.

6. Si finalmente fora declarara deserta a poxa ou esta resultara falida polo incumprimento das súas obrigas por parte do adxudicatario, sempre que non houbera transcorrido mais dun ano dende a celebración da mesma se poderá acordar pola Presidencia de Portos de Galicia, a proposta da Dirección, a adxudicación directa do buque; neste caso as condicións do alleamento non poderán ser inferiores ao último tipo de licitación ou a aquelas nas que se houbera producido a adxudicación.

14.- GASTOS E OBRIGAS A CARGO DO ADXUDICATARIO.

1. Son a cargo do adxudicatario os gastos derivados dos anuncios da poxa e outros que sexan de aplicación non asignados expresamente a Portos de Galicia pola lexislación vixente.

Serán tamén de conta do mesmo os gastos ocasionados pola transferencia do buque, impostos que procedan, incluído o IVE, ou no seu caso o imposto de transmisións patrimoniais, as inspeccións técnicas, o transporte, no seu caso gastos derivados do despece e do cumprimento da normativa vixente sobre residuos para reciclado de buques, dereitos ou arbitrios do ben adxudicado e calquera outra clase de gastos ou impostos que graven a transmisión ou sexan consecuencia da mesma.

Así mesmo, cando o alleamento mediante poxa teña por obxecto buques non comunitarios, dito alleamento terá a consideración de despacho a consumo das mercadorías, obrigándose o adxudicatario a todos os trámites previstos para a importación da mesma, asumindo os dereitos de aduana e demais tributos devengados con ocasión da importación. O adxudicatario xestionará e comunicará o alleamento á correspondente Administración de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal da Administración Tributaria a estes efectos.

2. O Adxudicatario queda obrigado ao cumprimento de todas as disposicións tributarias, fiscais e de seguridade social vixentes, así como todas aquelas disposicións contidas na normativa sobre prevención de riscos laborais que lle sexan de aplicación.

15.- RESOLUCIÓN DE ENTREGA.

1. Acusado recibo da notificación da adxudicación, o adxudicatario deberá de aportar dentro dun prazo de 15 días hábiles o xustificante do pago do prezo da adxudicación, así como dos gastos derivados dos anuncios.

O pago do prezo da adxudicación se efectuará mediante ingreso en metálico ou transferencia na conta titularidade de Portos de Galicia que se indicará na resolución de adxudicación.



As garantías constituídas en metálico aplicaranse ao pago do prezo.

O aboamento do anuncio de licitación se acreditará aportando o documento expedido polo Diario Oficial de Galicia (consellería da Presidencia) que acredite o pagamento.

Dentro do mesmo prazo, e para o caso de que non se houberan presentado con anterioridade, deberán de aportarse os certificados emitidos polos órganos competentes acreditativos de atoparse ao día no cumprimento de obrigas tributarias coa Facenda Estatal e a Autonómica e coa Seguridade social.

Igualmente e con carácter previo a formalizarse a resolución de alleamento e entrega do buque, o adxudicatario deberá de acreditar a través das correspondentes pólizas de seguro, a cobertura suficiente dos eventuais riscos que puideran acontecer tanto por responsabilidade civil como por danos derivados directa ou indirectamente do desenvolvemento das actuacións requiridas no presente prego de condicións para a retirada do buque e mentres este se manteña nas instalacións portuarias.

2. Agás por causas debidamente xustificadas que sexan aceptadas por Portos de Galicia, ao adxudicatario que non aporte en prazo a documentación que se indica no parágrafo 1 se lle terá por desistido da súa oferta e perderá a garantía constituída. As mesmas consecuencias terá o desistimento da súa oferta polo adxudicatario en calquera momento anterior á formalización da resolución de entrega.

De producirse calquera das anteriores circunstancias, se adxudicará o buque seguindo a prelación de postores establecida no acto de apertura de proposicións económicas, debendo para elo neste caso, constituírse a garantía á que se refire a condición 7ª nun prazo de 5 días hábiles a partir da notificación.

3. Unha vez acreditado o cumprimento do indicado no anterior parágrafo 1, a Presidencia de Portos de Galicia emitirá nun prazo máximo de sete (7) días hábiles resolución de alleamento e entrega da embarcación. Dita resolución de carácter administrativo, que terá que ser expresamente asinada polo adxudicatario en proba de conformidade, integrará xunto coas condicións do presente prego o documento contractual de transferencia da propiedade do buque, polo que dende a súa notificación ao propietario e devolución por este do exemplar duplicado debidamente asinado, este será considerado propietario do buque a tódolos efectos. A resolución acordará a devolución da garantía constituída cando esta estivera depositada na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda.

O adxudicatario poderá esixir a formalización da entrega en escritura pública, sendo a cargo do adxudicatario os custos derivados do seu outorgamento.

A entidade pública Portos de Galicia non contrae ningunha obriga mais que a de entregar o ben obxecto da poxa no seu actual estado e no lugar onde se atopa.

16.- RETIRADA DO BUQUE.

1. Tras a entrega do buque, o novo propietario deberá de seguir no seu caso as instrucións dadas a tal efecto pola entidade pública para sacar o buque do porto, presentando os preceptivos plans de remolque ou de transporte especial por estradas que deberán de ser aprobados ou autorizados polo órgano competente en cada caso; no caso de que o destino previsto para o buque sexa o despece, este non poderá realizarse no peirao do porto de Rianxo, onde si poderán realizarse, previa solicitude e



autorización para o efecto, traballos preparatorios estritamente indispensables para facilitar a retirada do buque.

2. O buque debera de ser retirado do porto de Rianxo nun prazo máximo de DOUS (2) MESES a contar dende a notificación da resolución de entrega, prazo que será susceptible de prórroga pOr causas xustificadas aceptadas por esta entidade pública.

Transcorridos 2 meses dende a notificación da entrega sen que o propietario houbera retirado o buque ou no seu caso obtido autorización expresa de Portos de Galicia para prolongar a permanencia do buque no porto mentres se realicen os traballos que se estimen oportunos ou se obteñan as autorizacións sectoriais que sexan preceptivas, e agás causa xustificada e aceptada por Portos de Galicia, a Presidencia da entidade pública poderá requirir ao adxudicatario para a inmediata retirada do buque, baixo a advertencia en caso contrario, de entender que renuncia ao mesmo, o que implicará a perda de todos os dereitos sobre o buque incluído o seu valor.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo que antecede, dende o momento no que o propietario reciba o requirimento deberá de proceder ao aboamento das taxas que procedan pola permanencia do buque no porto.

Santiago de Compostela, a 12 de febreiro de 2020.

A PRESIDENTA.

Susana Lenguas Gil.





ANEXO 1.

SOLICITUDE DE PARTICIPACION NA POXA

D. _____, con DNI _____,
actuando en (nome propio ou en representación de) _____
_____, CIF n.º _____ con enderezo en _____
_____, teléfono _____
_____ FAX _____ e correo electrónico _____
_____ enterado do anuncio convocado para a poxa do buque
“MEKONG”, e manifestando coñecer e aceptar plenamente o Prego de Condicións e os seus anexos
para o alleamento mediante poxa pública do buque que se cita.

SOLICITA:

A participación na poxa do buque “MEKONG”, manifestando á súa vez as Poxas nas que solicita
participar: (marcar a opción afirmativa ou negativa que proceda).

PRIMERA POXA	PRESENTA PROPOSICIÓN: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
SEGUNDA POXA	PRESENTA PROPOSICIÓN: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
TERCEIRA POXA	PRESENTA PROPOSICIÓN: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>

En _____, a _____ de 2020.
(Data e sinatura do licitador)

SRA. PRESIDENTA DE PORTOS DE GALICIA.



ANEXO 2.

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

D. _____, con DNI _____,
actuando en (nome propio ou en representación de) _____
_____, CIF n.º _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que ten plena capacidade de obrar, e que nin el nin no seu caso a compañía á que representa e os seus administradores ou representantes, se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 71 da Lei 99/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así mesmo, declara que o empresario persoa física ou no seu caso a empresa persoa xurídica, se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, e de atópase ao día no cumprimento das obrigas coa seguridade social.

En _____, a _____ de 2020.
(Data e sinatura do licitador)

SRA. PRESIDENTA DE PORTOS E GALICIA.



ANEXO 3

MODELO DE AVAL

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca) -----
-----, con CIF-----, con enderezo (a efectos
de notificación e requirimentos) en -----
-----, e no seu nome (nome e apelidos
dos apoderados) con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastateo de
poderes que se reseña na parte inferior deste documento, AVALA a:

----- (nome e apelidos ou razón social do avalado), con
NIF/CIF ----- en concepto de garantía para responder de todas e cada
unha das obrigas e eventuais responsabilidades que se deriven da participación na poxa do buque
MEKONG e, no seu caso, da súa posterior adxudicación, de acordo co disposto no Prego de
Condições para o alleamento mediante poxa pública do buque MEKONG e os seus anexos, ante a
entidade pública empresarial Portos de Galicia, con CIF Q-6550023-C, por un importe de: -----
----- (en letra e en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos previstos nos
termos e condicións establecidos na LCSP. Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado
principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro
requirimento da Caixa Xeral de depósitos ou órgano equivalente das restantes Administracións
Públicas, con suxeición ao establecido na lexislación de contratos do sector público e de Patrimonio
da Comunidade Autónoma de Galicia, normas de desenvolvemento, e normativa reguladora da Caixa
Xeral de Depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que a entidade pública portos de Galicia ou quen no seu nome sexa
habilitado legalmente para elo, autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido no
prego de condicións e na normativa que se cita.

(Lugar e data).

(Razón social da entidade).

Sinatura dos apoderados.

BASTANTEO DE PODERES POLA ASESORÍA XURÍDICA DA C.G.D. OU ABOGACÍA DO
ESTADO.

Provincia data Número ou código.



ANEXO 4

MODELO DE CERTIFICADO DE SEGURO DE CAUCIÓN

Certificado número -----da entidade aseguradora -----
----- (en adiante asegurador), con enderezo en -----
-----, debidamente representado por Don/Dona -----
-----, con poderes suficientes para obrigarlle neste acto segundo resulta do bastanteo de
poderes que se reseña na parte inferior deste documento, ASEGURA A -----
--, NIF ----- en concepto de tomador do seguro, ante a entidade pública
empresarial Portos de Galicia, con CIF Q-6550023-CC, en adiante asegurado, ata o importe de -----
----- (en letra e en cifra) , nos termos e condicións establecidos na
lexislación de contratos do sector público e de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e no
Prego de Condicións para o alleamento mediante poxa pública do buque MEKONG e os seus anexos,
en concepto de garantía para responder de todas e cada unha das obrigas e eventuais
responsabilidades que se deriven da participación na poxa do buque Eros Dos e, no seu caso, da súa
posterior adxudicación fronte ao asegurado.

O asegurador declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos esixidos na normativa de
contratación do sector público.

A falla de pago da prima, sexa única, primeira ou seguinte, non dará dereito do asegurador a resolver
o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida nin este liberado da
súa obriga, caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía.

O asegurador non poderá opoñer ao asegurado as excepcións que poidan corresponderlle contra o
tomador do seguro.

O asegurador asume o compromiso de indemnizar ao asegurado ao primeiro requirimento da Caixa
Xeral de Depósitos ou Órgano equivalente das restantes Administracións Públicas, con suxeición ao
establecido na lexislación de contratos do sector público e de Patrimonio da Comunidade Autónoma
de Galicia, normas de desenvolvemento e normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos.

O presente seguro de caución estará en vigor ata que a entidade pública Portos de Galicia ou quen no
seu nome sexa habilitado legalmente para elo, autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co
establecido no prego de condicións e na normativa que se cita.

Lugar e data.

Sinatura:

Asegurador

BASTANTEO DE PODERES POLA ASESORÍA XURÍDICA DA C.G.D. OU ABOGACÍA DO
ESTADO.

Provincia data Número ou código.



ANEXO 5
MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA
NÚMERO DE POXA: -----(1)

D. -----, con DNI -----,
actuando en (nome propio ou representación de) -----
-----, CIF n.º ----- con enderezo en -----
-----, teléfono -----
----- FAX ----- e correo electrónico -----
----- enterado do anuncio convocado para a poxa do buque
“MEKONG”, e manifestando coñecer e aceptar plenamente o Prego de Condicións e os seus anexos
para o alleamento mediante poxa pública do buque que se cita.

DECLARA:

Que polo citado buque ofrece a cantidade -----
----- euros (en número e en letra) sen incluír impostos e outros
gastos derivados da transmisión da embarcación.

En -----, a ----- de 2020.
(Data e sinatura do licitador)

(1). Farase indicación da poxa (PRIMEIRA, SEGUNDA OU TERCEIRA) coa que se corresponde a
proposición económica.

SRA. PRESIDENTA DE PORTOS DE GALICIA.



ANEXO 6
DECLARACIÓN DE SOMETEMENTO AOS XULGADOS E TRIBUNAIS ESPAÑOIS DOS
EMPRESARIOS ESTRANXEIROS.

D. _____, con DNI _____,
actuando en (nome propio ou en representación de) _____
_____, CIF n.º _____ con enderezo en _____
_____, teléfono _____
_____ FAX _____ e correo electrónico _____
_____, como licitador no procedemento convocado para o alleamento
mediante poxa pública do buque MEKONG, me comprometo en nome
_____ (nome propio ou da empresa a que represento), en caso
de resultar adxudicatario, a someterme á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera
orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran derivar da adxudicación e da
entrega do buque, con renuncia no seu caso ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera
corresponderme.

En _____, a _____ de 2020.
(Data e sinatura do licitador)

SRA. PRESIDENTA DE PORTOS DE GALICIA.